



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE MARZO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de marzo de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)

D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle

D.^a Isabel Prado Gómez

D. Alberto Feijoo Rodríguez

D. Fernando Abruñedo Fernández

Non asisten:

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado (PSdG-PSOE)

D. Jesús Vázquez García (PSdG-PSOE)

D. Domingo Fuentes Rocha (PSdG-PSOE)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

D. Antón Sánchez García (BNG)

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (BNG)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz

O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2012.

2.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2011, DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

3.- ASUNTOS URXENTES

4.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 23 de febreiro de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproba por unanimidade.

2.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2011 DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“A concesión administrativa da xestión dos servizos públicos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais do Concello de Bergondo coa empresa AQUAGEST S.A., comezou a súa prestación o 1 de xullo de 2002.

A citada empresa presentou neste concello o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2011 dos usuarios deses servizos, con número de rexistro de entrada 1096 do 17/02/2012, todo isto en cumprimento das cláusulas 21ª e 27ª do prego de cláusulas económico-administrativas da citada concesión.

*Por todo isto **proponse** a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro: *Aprobar inicialmente o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2011 dos usuarios do servizos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, con número de rexistro de entrada neste concello 1096 do 17/02/2012 e que comenza no folio número 2 con A. TAIBO S.L., e remata no folio número 42 con ZITACUARO 2000 S.L. ámbolos dous inclusive.*

Segundo: *Que se expoña ó público no taboleiro de edictos deste concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan formular as reclamacións pertinentes. Faise constar que no caso de que non se presenten reclamacións entenderase aprobado definitivamente.*

Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 12 de marzo de 2012=A alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as sete concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos/a voceiros/a dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentaron.

4.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 20 de febreiro ata o 23 de marzo de 2012, numerados do 74/2012 ó 150/2012. O Pleno queda enterado.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 28 de marzo, co núm. de rexistro de entrada: 2335; no escrito presentado aparecen os Rogos xunto con fotografías das zonas ás que se fai referencia en cada solicitude. O Sr. concelleiro do dito grupo, Alberto Feijoo Rodríguez pasa a expoñelos:

ROGOS:

1.- *Parroquia e lugar: Ouces, O Casal.*

Reparación: Bacheado de caminos.

2.- *Parroquia e lugar: Ouces, Campo de Mesoiro.*

Reparación: Reparación de la malla del campo o sujeción de la misma.

Continua o Sr. concelleiro do PP: a malla está solta, de feito cando estivemos alí xa puidemos enganchar algún cacho, pero é conveniente que vaian algúns operarios para acabar de axustala. No lateral, como se ve na segunda fotografía, falta toda a malla e ademais coincide no punto que ten o talud mais alto, eu penso que aínda que se repare abirano para baixar pola pelota, non se que dicir acerca disto.

3.- *Parroquia e lugar: Ouces, Silvoso.*

Reparación: Postes de electricidad y alumbrado público excesivamente inclinados.

Sr. concelleiro do PP: un pouco preocupante é o que se ve ó fondo na segunda fotografía, que está bastante inclinado e socavado onde está enterrado, de momento está firme pero non sei se con posteriores chuvias irá afrouxando e pode caer sobre a estrada e arrastrar algún dos outros que xa están algo inclinados.

4.- *Parroquia e lugar: Ouces, Campo da Fragachán.*

Reparación: Reposición de la bancada de los columpios.

5.- *Parroquia e lugar: Ouces, Campo da Fragachán.*

Reparación: Pegado de las piezas de piedra superiores del muro sueltas.

Sr. concelleiro do PP: é no murete perimetral do campo, aínda están alí algunhas pezas, entón antes de que se perdan cun pouco de mortero poderíanse pegar para non perdelas todas.

6.- Parroquia e lugar: Ouces, Gandarío, vía que une la carretera de bajada a Gandarío con la paralela a la playa.

Reparación: Bacheado

Sra. alcaldesa: penso que ese xa está incluído nunha Memoria dunha reparación de camiños na parroquia de Ouces, sobre todo na zona de Cangas, pero hai un aí na baixada á praia de Gandarío e supoño que será ese porque é o que ten maior necesidade.

Sr. concelleiro do PP: si, falamos onte co concelleiro de infraestruturas, Fafián, e díxonos que había algúns camiños que estaban en previsión.

7.- Parroquia e lugar: Ouces, vía Reboredo a Moruxo

Reparación: Bacheado, árbol con peligro de caída sobre la calzada.

8.- Parroquia e lugar: Ouces, vía de Ouces a O Mato. (tres fotos)

Reparación: Bacheado.

11.- Parroquia e lugar: Ouces, Bergondiño, Meón

Reparación: Bacheado.

12.- Parroquia e lugar: Mesoiro.

Reparación: Reubicación de contenedores. Dado que las personas que suben desde Silvoso no tienen visibilidad.

13.- Parroquia e lugar: Bergondiño, camino que va desde el convento a Bergondiño.

Reparación: Reubicación de contenedores. Dado que están en una curva y con dificultad para abrirlos.

Sr. concelleiro do PP: hai uns que poderían estar mais cara o muro dunha parcela e que están mais cara ó medio da vía, non sabemos se esa separación é porque a parcela é privada, pero xa ten feito o murete da limitación da finca, entón entendemos que iso vai ser unha cesión para beirarrúas.

Sra. alcaldesa: está falando do de Bergondiño.

Sr. concelleiro do PP: si.

Sra. alcaldesa: dime que está preto dunha obra.

Sr. concelleiro do PP: é recente pero xa está rematada, ó mellor estaban separados mentres estaban con ela e quedaron aí.

Sra. alcaldesa: recordo agora un rogo dun pleno anterior dunha ubicación duns contenedores que quedamos en mirar, e, efectivamente, era porque nesas vivendas esta pendente a urbanización exterior, de feito esas casas non teñen a licenza de primeira ocupación porque falta a exterior e por iso eses contedores están aí; de todos modos pediremos que os retranqueen, porque non hai moitas previsións de que, ó día de hoxe, continúen con esa urbanización exterior.

14.- Parroquia e lugar: Guísamo, carretera que pasa por delante de la urbanización Baldomir.

Reparación: Valorar la posibilidad de disponer un quitamiedos u otra medida de seguridad entre los árboles y la calzada.

Sr. concelleiro do PP: xa houbo aí un cordón de seguridade, cara o verano, da policía municipal e valorar a posibilidade de poñer algún tipo de protección ou algún tipo de sinal porque creo que xa houbo algún accidente alí. As árbores están case en liña co borde da liña branca da estrada.

Sra. alcaldesa: desde que se lle puxeron eses reflectantes a toda esa zona, non houbo accidentes.

Sr. concelleiro do PP: simplemente chamar a atención, ou estar un pouco sobre isto, por si acaso volve haber.

15.- Parroquia e lugar: Guísamo, zona de recreo Loureda.

Presentada Pleno 28/07/2011.

Reparación: Se ha limpiado, pero quedan zarzas en bancos y necesita un nuevo desbrozado.

Sr. concelleiro do PP: non sabemos se é por desuso ou por que queda nunha zona que está na parte de atrás de Guísamo e está un pouco menos visible ou porqué, pero volve a estar como fai uns meses. Solicitamos que se manteña en bo estado.

16.- Parroquia e lugar: Guísamo, lavadero A Brea

Reparación: Inutilizado, al parecer, pero muy sucio y hay un canal por donde discurren aguas fecales.

Sr. concelleiro do PP: saíndonos un pouco do guión, pensar que se pode facer cos lavadoiros. É algo sobre o que estamos todos os grupos políticos, a súa limpeza, mantelos en bo estado, e por desuso volve a estar en mal estado; entón darlle unha volta para ver que se podería facer para mantelos en bo estado.

Sra. alcaldesa: o que pode facer o concello é de vez en cando limpalos. É normal que non teñan esa limpeza como cando tiñan un uso practicamente diario por parte da xente; por moito que poidamos facer agora esas limpeza, non poden ser tan seguidas como cando se utilizaban fai uns anos.

17.- Parroquia e lugar: Guísamo, muralla lateral urbanización de Guísamo.

Reparación: Esta muralla está cubierta de zarzas que caen sobre el camino: necesario instar a su desbroce.

Sr. concelleiro do PP: quen debería facer esta limpeza son os propietarios da urbanización, que é a limpeza do muro que comeza a ter bastante vexetación, pero, na medida do posible, desde o concello que se inste ou se lles pida aos veciños que a limpen.

18.- Parroquia e lugar: Guísamo, camino posterior a la Urbanización de Guísamo, camino que va a un puente que cruza la autopista (camino de coche).

Reparación: Depositados en este camino multitud de restos de podas, etc. Asimismo el firme está completamente lleno de surcos, probablemente ocasionados por el vaciado de agua de la piscina de la Urbanización.

19.- Parroquia e lugar: Pedrido, escalera Pedrido.

Reparación: Muy deterioradas, hay tramos en los que no existe cemento quedando al aire las piedras que forman el relleno. Muy peligroso y resbaladizo.

20.- Parroquia e lugar: Pedrido, lavadero del Pedrido.

Reparación: En desuso y deteriorado.

21.- Parroquia e lugar: Pedrido, playa del Regueiro.

Reparación: Basura acumulada en acera.

22.- Parroquia e lugar: Pedrido, playa del Regueiro.

Reparación: Plataforma bajada a la playa para minusválidos incompleta en el último tramo.

Sr. concelleiro do PP: o ano pasado faltaban dúas ou tres táboas, este xa falta como metro e medio, entón ou repoñer as táboas ou buscar outra solución, como poder ser facer ó final unha peza de cemento ou de outra maneira para que non rompa, aínda que cos temporais

Sra. alcaldesa: todos os invernos se produce isto e se acaba amañando, como vostede ben di, cando se acerca a tempada do verano é cando se fai.

Sr. concelleiro do PP: ó mellor se todos os anos se rompe, pódese facer unha peza que se retire ó final da tempada, igual que se retiran nas praias as pasarelas de madeira e demais.

23.- *Parroquia e lugar: Pedrido, escaleras bajada desde Moruxo.*
Reparación: Falta barandilla de seguridad. (la hay en la antigua acera).
Sr. concelleiro do PP: non é á do Pedrido, é a do Regueiro.

24.- *Parroquia e lugar: Pedrido, rio Quintan.*
Reparación: Existe un antiguo molino en muy mal estado. ¿es posible su reparación, así como la limpieza del paisaje colindante?. Sería una buena ruta de senderismo.
Sr. concelleiro do PP: posiblemente sexa de propiedade privada, entón, se é posible, instar ó propietario a limpala porque vese desde o camiño e aínda que estea en ruínas interesaba que estivese no mellor estado posible.

25.- *Parroquia e lugar: Pedrido, camino de Moruxo a Gandarío.*
Reparación: Aguas fecales que discurren por el lateral del camino.
Sr. concelleiro do PP: algunha das parcelas colindantes que verten directamente á calzada; sei que isto ten difícil arranxo, agás coa canalización de saneamento, telo aí para cando haxa algunha subvención ou algo de diñeiro para inverter en saneamento, que hai sitios que aínda carecen del, ou non queren engancharse ó existente.
Sra. alcaldesa: seguramente non será aí o motivo, porque en Gandarío mentres non haxa depuradora non hai posibilidade de enganche.

PREGUNTAS:

1.- *¿Cuál es la situación del tejo de Baldomir?. ¿Se ha sellado?.*
Sra. alcaldesa: pola información que me deu o concelleiro, o teixo limpouse ultimamente. É unha árbore que está catalogada e no seu momento, fai un par de anos, viñeron da Consellería a facer un estudo e darnos unha serie de recomendacións, é algo que a nós se nos escapa un pouco; seguiremos facendo esas recomendacións que nos deron con respecto ó seu cuidado.
Sr. concelleiro do PP: ¿as recomendacións eran acerca do coidado?
Sra. alcaldesa: si, á poda e ese tipo de coidados.
Sr. concelleiro do PP: os produtos que hai que utilizar e demais, ¿estanse a seguir esas recomendacións?
Sra. alcaldesa: as que se ditaron naquel momento si.

2.- *¿Cual es la situación de la carretera de San Paio?.*
Sra. alcaldesa: está no trámite de expropiación, xa leva un tempo, e, está pendente a declaración de urxente expropiación por parte da Xunta. Probablemente nos próximos días se nos remita por parte da Deputación algunha petición de informe. En todo caso é a propia Deputación quen ten que seguir adiante con este proceso, pero a ultima información que teño é que están pendentes de pedirmos un informe aos servizos técnicos municipais.

3.- *¿Se podría proponer alguna solución para evitar la acumulación de agua en el firme en la playa de Gandarío cuando hay lluvia?.*
Sr. concelleiro do PP: valorar a posibilidade de sacala dalgunha maneira, ou perforar o murete para que esa auga vaia cara a praia, porque será auga de chuvia, ou canalizala por algún lado.
Sra. alcaldesa: falaremos cos servizos técnicos para ver cal é a solución que nos recomendan.

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do PP e manifesta que lles queda un rogo que non incluíron na relación presentada e pasa a expoñelo: no parque de Guísamo, todo o perímetro está cheo de herbas, labazas. É un parque relativamente recente e parece que está nun estado de abandono.
Sra. alcaldesa: ¿o novo?
Sra. voceira do PP: si

Sra. alcaldesa: os operarios van de vez en cando por todos os parques, limpando. Se vostede pasa hoxe polo parque de Baldomir parece que as herbas xa teñen un tamaño considerable, e iso non quere dicir que non estiveran fai dous meses os xardineiros alí.

Sra. voceira do PP: as que están pegadas ó muro da pista de tenis, teñen polo menos medio metro. Tamén había tirado un cacho dunha canastra contra a estrada, nas pedras.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez